



DATOS IDENTIFICATIVOS

Empresa: Fundamentos de administración

Materia	Empresa: Fundamentos de administración			
Código	V03G720V01113			
Titulación	PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS 6	Sinale FB	Curso 1	Cuadrimestre 1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Organización de empresas e márketing			
Coordinador/a	Arévalo Tomé, Raquel			
Profesorado	Arévalo Tomé, Raquel Caballero Fernández, Gloria			
Correo-e	arevalo@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia persegue introducir a disciplina que vertebra o grado, prestando atención as diferentes funcións que desenvolven os xerentes e facendo énfase na súa aplicación o ámbito empresarial			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
<p>Conseguir que o alumnado distinga os principios conceptos relacionados co entorno e coas funcións directivas (planificación, organización, dirección y control) e os vincule co funcionamento das empresas. Se pretende que sexan capaces de analizar todas as áreas das empresas e as relaciónes que se producen entre estas e fora das mesmas.</p> <p>Ser capaces de aplicar os coñecementos adquiridos a futuras situacións profesionais e desenrolar competencias relacionadas coa elaboración e defensa de argumentos e resolución de problemas dentro da súa área de estudio.</p> <p>Que os alumnos saiban reunir, analizar e interpretar fontes de información relevantes para emitir xuízos que inclúan a reflexión e defensa de argumentos, resolución de problemas e a análise sobre economía de empresa, temas relevantes de índole social, científica ou ética. Así mesmo ha de saber citar e referenciar con corrección ditas fontes de información.</p> <p>Capacitar o alumno para poder transmitir ideas, información, problemas e situacións, de forma obxectiva, sintética e comprensible, a un público tanto especializado como non especializado; con claridade, evitando as barreras de comunicación e potenciando o traballo en equipo.</p>	

Contidos

Tema

Pensamento administrativo: escolas e enfoques relevantes.

Estrutura e dinámica do medio. A organización como sistema aberto e responsable.

Toma de decisións e planificación.

Organización.

Liderazgo, cultura e influencia no contexto global.

Control e seguimento.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	30	30	60
Prácticas de laboratorio	20	20	40
Prácticas con apoio das TIC	0	43	43
Foros de discusión	0	5	5
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesorado dos contidos sobre a materia obxecto de estudo e fundamentos teórico-prácticos para a resolución de problemas e/ou exercicios obxecto de avaliación continua, que ten que desenvolver o alumno. Se controlará e incentivará a asistencia e participación activa do alumnado no desenvolvemento desta metodoloxía.
Prácticas de laboratorio	Resolución de casos, cuestións, actividades e exercicios relacionados con distintos temas da materia realizados durante as prácticas nas aulas de informática ou nos seminarios.
Prácticas con apoio das TIC	Son tarefas que terá que facer o alumnado fora da aula a través da plataforma Moovi como os test de autoavaliación, lecturas de textos, visualización de vídeos, búsqueda de noticias relacionadas coa materia...
Foros de discusión	A través dos foros fomentarase a participación do alumnado sobre o tema que se esté analizando. Poderá ter distintas finalidades. Provocar o interese do alumnado sobre o tema, buscar o debate sobre aspectos controvertidos e incluso ser una ferramenta para que o alumnado plantexe as súas dúbidas

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Durante as clases presenciais sempre se reservará tempo para atender, orientar e resolver dúbidas que lle poidan xurdir ao alumnado no proceso de adquisición das competencias da materia. Ademais, como se pode ver en MOOVI, o profesorado atenderá ás titorías individuais previamente concertadas por correo electrónico.
Foros de discusión	Ademais de servir para introducir os temas de estudo e debatir sobre eles, esta ferramenta permite que o alumnado plantexe dúbidas sobre a materia y que tanto o profesado como o resto de compañeiros e compañeiras poidan contribuir a resolvelas. Ademais, como se pode ver en MOOVI, o profesorado atenderá ás titorías individuais previamente concertadas por correo electrónico.
Prácticas de laboratorio	Durante o desenvolvemento das prácticas sempre se reservará tempo para atender, orientar e resolver dúbidas que lle poidan xurdir ao alumnado no proceso de adquisición das competencias da materia. Ademais, como se pode ver en MOOVI, o profesorado atenderá ás titorías individuais previamente concertadas por correo electrónico.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Prácticas de laboratorio	Poderá valorarse a participación do alumnado, a súa capacidade de crítica, a súa capacidade expositiva na resolución de cuestións, actividades e/ou exercicios plantexados nas prácticas con esta finalidade.	0-40	
Prácticas con apoio das TIC	Valorase se o alumnado realizou as tarefas propostas (test de autoavaliación, lectura de textos, visualización de vídeos, búsqueda de noticias relacionadas coa materia...)	0-15	
Foros de discusión	Poderá valorarse a participación do alumnado, a súa capacidade crítica e de argumentación nos temas propostos polo profesorado	0-5	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Probas para avaliar as competencias adquiridas que inclúen preguntas de corrección obxectiva sobre aspectos concretos da materia. Será necesario sacar unha nota mínima do 45% do valor destas probas para considerar o resto das partes avaliadas.	50	

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado poderá elixir ser avaliado mediante o sistema de avaliación continua (AC), ou alternativamente optar por unha proba de Avaliación Global (AG). A avaliación por defecto é a AC. O alumnado poderá elixir AG segundo o procedemento e o prazo establecido polo profesorado. A elección de AG supón a renuncia ao dereito de seguir avaliándose mediante as

actividades de AC que resten e á cualificación obtida ata ese momento en calquera das probas que xa tiveron lugar.

1. AVALIACIÓN CONTINUA (AC)*:

A nota (N) obtida por este tipo de avaliación está composta pola alcanzada nas posibles Actividades (A) propostas ao longo do cuadrimestre polo profesorado así como en dous Parciais* (P) que consisten en dúas probas escritas nas que se requirirá un mínimo para que poidan ser consideradas as actividades anteriores. En concreto, as actividades A poden ser de tres tipos: A1, A2 e A3, e a relación entre as tres notas (A, P e N), as súas puntuacións e a súa descrición é a seguinte:

A (50%): A cualificación das actividades (A) obtérase a través de tres posibles tipos de actividades expostas como complementarias, e que poden consistir en:

A1_Prácticas de laboratorio (entre 0-40%)

A2_Prácticas/tarefas con apoio das TIC (entre 0-15%)

A3_Foros (entre 0-5%)

A consideración conxunta das tres posibles actividades conformará o valor $A=(A1+A2+ A3)$ e terá un valor máximo de 5 puntos. Para iso, si a suma $(A1+A2+A3)$ é igual ou superior a 5, asignarase o valor de $A=5$ e, si a suma é inferior a 5, asignarase o valor da suma $A= A1+A2+A3$. **En consecuencia, o máximo posible alcanzable coa realización das actividades propostas ($A1+A2+A3=6$) implicarían un máximo avaliable de $A=5$.**

P (50%): A cualificación obtida nos parciais (P) realizados ao longo do cuadrimestre obtida como $P=P1 (25\%) +P2(25\%)$, sendo P1 a nota da primeira proba deste tipo e P2 a nota da segunda. A proba P2 realizarase o día da proba de avaliación global da materia.

Na convocatoria ordinaria, a data na que se realice a proba P1 é a data límite para renunciar á avaliación continua. O alumnado que se presente ao parcial P1 está a asumir que vai ser avaliado a través de Avaliación Continua renunciando, en consecuencia, á avaliación global. Na convocatoria extraordinaria, o alumnado poderá solicitar o sistema de avaliación non continua na data do exame.

N (100%): A cualificación da Avaliación Continua (N) calcúlase como $N (100\%) = P (50\%) + A (50\%)$. A nota obtida no primeiro parcial (P1) requirirá un mínimo (4,5 sobre 10 puntos) para liberar materia e a media dos parciais tamén debe ser dun mínimo de 4,5 sobre 10 puntos para poder sumar a nota obtida nas actividades (A). En caso de non liberar materia, coa primeira proba (P1 menos de 4,5 sobre 10 puntos) será necesario a avaliación de toda a materia (P1 e P2) o día da proba de avaliación global para obter a nota P asignada ás probas. Na medida en que a nota P supere os 4,5 puntos sobre 10 poderase engadir a nota obtida nas actividades (A) para o cálculo da nota final ($N= P+A$).

2. AVALIACIÓN GLOBAL (EG)*:

A nota obtida na proba de avaliación global será o 100% da cualificación.

Na convocatoria de FIN DE CARREIRA a proba de avaliación global suporá o 100% da cualificación.

Os estudantes que non participen na AC nin na AG, figurarán nas actas como non presentados.

Recoméndase ao alumnado ter en conta o Título VII (Do uso de medios ilícitos), do Regulamento sobre a Avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado (<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/normativa/documento/downloadbyhash/4904ced4d24eb81fe5715ddde2c48c59c0a7c4d624cd0e7491df7a753985ccfa>)

As datas e horas das probas de AG (de primeira e segunda oportunidade) son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade para o curso 2023/24. En caso de conflito ou disparidade entre as datas de exames, prevalecerán as publicadas na web da facultade, <http://fcee.uvigo.es/organizacion-docente.html>.

* En caso de superar a asignatura, valorarase con 0.25 puntos a realización do curso virtual organizado pola Biblioteca central: *Coñece a Biblioteca e aprende a buscar, avaliar e utilizar a información*, dirixido ao alumnado de 1º grao e que ten como obxectivo que o estudante adquira os coñecementos básicos para buscar, analizar, seleccionar e organizar a información de maneira eficiente, así como utilizar e comunicar a información eficazmente de forma ética e legal.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Jones G.R.; George J. M, **Administración Contemporánea**, McGrawHill 10ª Edición, 2019

Robbins, Coulter, **Administración**, Pearson Educación; 13ª edición, 2018

Piñeiro, Pilar; Arévalo, Raquel; Caballero, Gloria y García-Pintos, Adela, **Introducción a Economía de la Empresa. Una visión teórico-práctico.**, Delta publicaciones, 2010

Bibliografía Complementaria

Robbins, S., De Cenzo, D., **Fundamentos de Administración**, Pearson-Prentice Hall, 10ª Edición, 2017

Stoner, Freeman y Gilbert, **Administración**, Prentice Hall, 1996

Hitt, M., Ireland, R., Hoskisson, R., **Administración Estratégica: Competitividad y globalización: conceptos y casos**, International Thomson, 7ª Edición, 2008

Iborra, M., Dasí, A., Dolz, C., Ferrer, C., **Fundamentos de Dirección de Empresas**, Thomson; 2ª edición, 2014

Hellriegel, D., Jackson, S., Slocum, J., **Administración. Un enfoque basado en competencias**, Cengage, 12ª Edición, 2017

Amaru, A., **Fundamentos de Administración**, Pearson Educación, 2009

Koontz H.; Wehrich H.; Cannice M, **Administración: una perspectiva global, empresarial y de innovación.**, McGrawHill, 15ª edición, 2017

Recomendaciones

Materias que continúan o temario

Empresa: Xestión de empresas/V03G020V01203

Dirección comercial I/V03G020V01403

Dirección de operacións/V03G020V01302

Dirección de recursos humanos/V03G020V01303

Outros comentarios

Empregaremos a plataforma de teledocencia Moovi para achegar ao alumnado documentación, información e pautas concretas necesarias para o proceso formativo e de avaliación da materia. Tamén se empregará polo alumnado por exemplo para a entrega de traballos ou a resolución de cuestionarios.

No PCEO Grado en Administración e Dirección de Empresas-Grado en Dereito, esta materia impártese no 1º cuatrimestre do 1º curso e o profesorado responsable está integrado por: Raquel Arévalo Tomé e Gloria Caballero Fernández.
